

construíndonos ligazóns

Neste país de choiva e de auga afacémonos máis cada vez a saírmos á rúa sen paraugas, sen carapucha, sen calquera prenda que nos aloumiñe e identifique. E non é por termos a intención de nos abeirarmos nos soportais e, desde alí, continuarmos o noso camiño no momento en que non veña o corisco e polos lugares que nos conviden a continuarmos enxoiatas/os. Se existiren tellados é por constituíren o ramo con que celebramos o remate do labor previamente planificado, deseñado, debatido, construído...

Goretti Sanmartín Rei

Porén, cada vez máis, este pobo parece o dos mil chanzos –no canto do dos mil ríos–, mil chanzos sen continuidade, uns aquí, outros aló, sen ligazón, sen conexión, sen posibilidade de realizarmos un percorrido completo cun esteo que nos garanta que a nosa camiñada vai chegar a algures. Velaquí como se explica que até o de agora se insistise algo, non o suficiente, na responsabilidade sobre a presenza da lingua galega nos treitos educativos intermedios (educación primaria e secundaria) e que se procurase pasar con pés de la pola necesidade de incorporar o galego como lingua vehicular tanto nos primeiros anos de vida de nenas e nenos como naqueles en que se van formar para o exercicio profesional, fundamentalmente os ligados ao mundo universitario. No primeiro caso continuaron a funcionar tópicos e prexuízos denunciados hai moito tempo, como aquel de o galego non servir para os nenos, e de seren nenas, peor, como ben apuntaba *Agustín Fernández Paz* no número 25 da *Revista galega de educación*. Aínda que hai xa 12 anos deste artigo sobre as actitudes lingüísticas, xulgamos que continúan a estar vixentes as palabras con que o noso escritor insistía na necesidade de traballarmos contra os preconceitos:

Porque se ben é certo que as persoas manifestamos actitudes, positivas ou negativas, en relación con todo aquilo que afecta á nosa vida, o preocupante é cando resulta doado atopar, coma neste caso, as mesmas actitudes lingüísticas nunha grande maioría da poboación. Sobre todo cando se constata que moitos comportamentos que se derivan delas son considerados como “normais” ou “naturais” por unha boa parte dos creadores de opinión que funcionan na nosa sociedade.

Son as actitudes lingüísticas negativas, seguíndonos o creador de historias para todas as idades, as que impiden avances no proceso de normalización, fundamentalmente polo seu carácter subliminar, pola inconsciencia con que asumimos e reproducimos comportamentos sen os cuestionarmos previamente. De aí que parte da nosa función en canto que educadores/as sexa a de facermos evidentes as actitudes, a de falar delas, analízalas, situálas enriba da mesa e desenmascarar os contidos que alimentan os prexuízos. Como é ben sabido, o primeiro paso para solucionar un problema é sermos conscientes del. É urxente, pois, concedermos un tempo á reflexión lingüística, ao que facemos e verbalizamos, a como o facemos e a como o verbalizamos, a coñecermos e a recoñecermos ou a (re)construírmos

o noso discurso sobre as linguas. E, para iso, nada mellor que ler.

A respecto do nivel universitario, do outro extremo da cadea, foise desprazando a idea de estarmos nun espazo universal cara a de estarmos nun ámbito plurilingüe. A universalidade está aínda vetada para o galego desde outro prexuízo que continúa a funcionar no espazo de educación superior que esixiría, por pura lóxica, un outro coñecemento lingüístico. O feito de se constituír como un espazo multilingüe non supón, na práctica, ningunha mudanza. Todo iría razoabelmente ben de existiren neste ámbito máis persoas que soubesen –ou cando menos comprendesen– catalán, éuscaro, bretón, galés, sueco, checo ou suahili. Porén, a promoción do plurilingüismo o único que provocou foi o aumento do dominio do inglés en detrimento do coñecemento doutros idiomas e o reforzo do español como lingua da que/á que se traduce. Nin tan sequera se aproveitou este ámbito de prestixio para coadxuvar a que se conseguise estender o dominio dunha lingua galega de calidade que puidese identificar as elites e compromelas na conformación dun outro mundo posíbel. Non existe ningunha outra área de coñecemento en que o profesorado universitario –con honrosas excepcións– mostre con fachenda a súa ignorancia e eleve o desleixo á categoría de norma.

A pesar desta descrición, existen posibilidades de intervención para ampliar e mellorar os usos da lingua galega. Entre elas, a máis interesante é a que parte do chamamento individual a exercermos a nosa profesión con responsabilidade. Se entre esa responsabilidade nós incluímos a reivindicación de construírmos unha sociedade que non só non discrimine as mulleres senón que axude a feminizar un mundo cuxa defensa tamén in-

clúe a loita ecolóxica, a formación de espíritos críticos e a defensa da diversidade, da pluralidade, da heteroxeneidade, da diferenza, como non vai integrar, por outra parte, a asunción do galego como lingua propia e como lingua en perigo que precisa da nosa vontade individual para continuar a andar?

Vinculada directamente coa alternativa que acabamos de describir está a escolla dun modelo de lingua de calidade, pois non abonda con empregar o galego, temos que utilizalo correctamente e restituír aquelas formas hoxe esquecidas ou preteridas por circunstancias socio-históricas que coñecemos. Temos que combater o molde habitual de uso dun galego castelanizado cun rexistro uniforme e homoxéneo sempre no modelo máis semellante ao español, e non só por non ser certo que usar ese modelo nos achega ao emprego común. En primeiro lugar, porque existe un emprego común moito mellor (que respecta



a fonética e a entoación, que coloca ben os pronomes átonos, que emprega adecuadamente os tempos verbais...) e, como segunda cuestión, porque as circunstancias históricas converteron o galego nun organismo enfermo que ten que se rexenerar, que precisa unha transfusión para volver a ser quen era, para coller azos e recuperar a autoestima. Seriamos acusadas/os de irresponsábeis se ocupando a área de Saúde metésemos as persoas doentes nun hospital e agardásemos a sandaren senlles proporcionarmos os recursos necesarios para o faceren.

Temos, pois, que achegar o común a nós, que facer que o noso contorno recupere a fasquía de domingo da nosa lingua, unha fasquía que existe e da que nós temos que dar exemplo. Desa maneira poderemos mudar usos coloquiais españolizados e non ter medo a provocar un afastamento na persoa receptora. Moi ao contrario, do que se trata é de nos recoñecermos nun modelo digno que nos identifique e do que nos sintamos orgullos/as. Nesta liña, camiñamos só se procuramos que o traxe de diario coincida co do día da festa, rompendo costumes e inercias que levan a todo o contrario, a que nunca haxa tempo de lecer, un tempo necesario para nos coidar e, por tanto, para coidar todo aquilo que é de noso, como a lingua.

Finalmente debemos tamén conceder atención, sobre todo por nos concederen un marco de referencia, a outras ferramentas que podemos utilizar para contextualizar mellor o noso labor, entre as que está o *Plan xeral de*

normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento galego no ano 2004. Neste texto, tantas veces citado mais con ben pouco desenvolvemento e case nula execución, indícase claramente que as carencias no uso escolar do galego estaban a afectar, de xeito especialmente grave, as primeiras etapas educativas e a aprendizaxe da lectura e da escritura e que o uso do galego

Temos que combater o molde habitual de uso dun galego castelanizado

na docencia que se realiza nas universidades galegas é moi cativo, tanto –non chega en ningún caso a un escasísimo 20%– que non se corresponde nin co uso social xeral do idioma nin coa súa presenza ao longo do ensino secundario.

Trátase, pois, se conseguimos transmitilo de xeito acaído, de que para alén da vontade de manter e de converter o galego na nosa lingua por parte de moitas/os profesionais ligadas/os á educación, que tezamos novos elos da cadea comezándonos polos alicerces para lle pormos o ramo deixándolles ás xeracións vindeiras aquilo que nos negaron a nós.

Que sexamos capaces de festexar esta viaxe como ela merece, co traxe novo con que mañá mesmo decidimos saír á rúa! E á escola, claro! E que co-

llamos os paraugas tantas veces como precisemos para expresar a nosa vontade e o noso dereito de nos construímos heteroxéneas/os e diversas/os!

